



CREAR COR COLLEITANDO A PAISAXE

Rosana Escobar e Lala de Dios

CREAR COR COLLEITANDO A PAISAXE

A cor está viva. Fai parte dun territorio: das plantas que o conforman, dos minerais no seu solo. A industrialización nos afastou da natureza, da cor, as pinturas químicas a base de petróleo están moi distanciadas dos elementos orgánicos aos que estiveron vinculadas as cores durante miles de anos. Cociñar plantas para extraer os seus pigmentos achéganos á maxia da cor e ao seu entramado coa vida.

Tinguir con plantas convídanos a percorrer, a explorar, a manipular, a entrar en contacto cos ecosistemas. A forraxe vincúlanos co territorio e coas especies que nel viven. Implica que observemos, que escoitemos, que espertemos os nosos sentidos e que empecemos a comunicarnos coas especies coas que entramos en contacto. Ao identificalas e ritualizar a súa colleita, comprendemos os seus ritmos, formas de crecemento e narrativas.

O tinguido con plantas achega a cor e o alimento. Permítenos experimentalalo con olas, reladores, morteiros, martelos e caldos que durante séculos foron cociñando a lume lento a alquimia da cor.

Os humanos levamos máis de 4.000 anos tinguido téxtiles con plantas. As historias asociadas con estes procesos e a súa transmisión por xeracións consolidaron unha sabeduría con relación ás plantas e ás súas propiedades, os ciclos naturais do seu crecemento e colleita, os procesos de fermentación, degradación e fixación que fan posible a transferencia dos seus pigmentos.

Seguir reuníndonos a carón do lume para tinguir permite que esta sabedoría

siga viva e reduce o risco de que a industrialización borre o folclore de cores vinculados cos territorios nos que se atopan.

Crear cor colleitando a paisaxe é un curso de especialización na obtención da cor para a súa aplicación nos téxtiles, a partir de materiais locais, impartido pola artesá e historiadora **Lala de Dios** (Madrid) e pola artista téxtil **Rosana Escobar** (Colombia). A través do curso, as persoas participantes coñecerán as posibilidades de cor que lles ofrece cada territorio, aprenderán o xeito de colleitar e traballar coa natureza para obter tinturas e mordentes e para a súa posterior aplicación na peza final. Este curso permitirá volver á esencial conexión co territorio a través das plantas que nos ofrecen tanto alimento coma cor, para poder aplicar na artesanía, e para crear pezas dende o contemporáneo seguindo métodos que nos permiten incorporar a paisaxe autóctona, tal e como se fixo durante miles de anos.

Dirixido a profesionais da artesanía e do deseño, a estudantes e a persoas creativas en xeral. Non é precisa experiencia previa.

Datas:

10, 11, 12, 13 e 14 de xuño de 2026

Horario:

11:00-14:00 h 15:30-19:30 h

Nº participantes: 12

Lugar:

San Cristovo de Mouricios (Chantada, Lugo) 42° 37' 60.0" N 7° 50' 31.5" W

Prezo inscrición:

90 €. O prezo inclúe a comida do mediodía

Inscrición:

artesianiadegalicia.xunta.gal/gl/formacions

PROGRAMA

- 1** O universo da cor dende varios ángulos: histórico, técnico, biolóxico, ecolóxico, circular e cultural dende a perspectiva de cada práctica. Conexión entre cor, territorio, horta e alimento.
- 2** Extracción dos colorantes e mordentado das fibras. Historia das tinturas naturais e pasos básicos do proceso. Realización dun mostrario básico de dous ou tres tinturas e modificadores tinguido diferentes fibras proteicas (la, seda) e celulósicas (algodón, liño, fique, vimbio) que poderán estar en forma de fibra, fío ou tecido.
- 3** Cor e reacción, primeiros exercicios de tinturas cos extractos de cores preparados anteriormente e tinguido con índigo.
- 4** Cor e territorio: recolección e forraxe no bosque e na horta para colleitar materiais tintorios do territorio.
- 5** Introducción ás técnicas de tinguido. Explicación das técnicas ecoprint, hapazome, shibori e Ikat. Aspectos simbólicos e psicolóxicos relacionados co uso das tinturas naturais nas diversas culturas e no significado da cor. Cada participante traballará cun retallo de tea para rexistrar os seus experimentos ao longo do taller.
- 6** Preparación de cores con materiais silvestres recollidos
- 7** Proxecto persoal utilizando os materiais, tinturas e técnicas aprendidas que consideren máis axeitados para os seus obxectivos, co acompañamento das docentes.
- 8** Exposición e posta en común de traballos realizados. Reflexións, aprendizaxes e experiencias tanto dos mostrarios coma do lenzo final.
- 9** Cor e alimento. Extracción de tinturas dos ingredientes de cociña e creación dunha peza colectiva. Comezase preparando os ingredientes da cocina para o almorzo de peche, separando os restos que se empregarán para tinguir. Cada estudante disporá dunha peza cadrada de seda de 70x70cm xa mordentada que tinguirá cos ingredientes que queira empregando a técnica do ecoprint. Creación da peza colectiva coa unión de todos os retallos de tea.

CREAR COR COLLEITANDO A PAISAXE



Lala de Dios

Lala de Dios é historiadora da arte por formación e tecedora e tintorera por vocación. Sempre atraída polo binomio tradición/innovación na artesanía, interésalle especialmente a interacción entre a arte, a artesanía e a natureza. Xestora e comisaria de proxectos culturais, entre os seus últimos proxectos atópanse colaboracións, utilizando tinguiduras naturais, con Teresa Lanceta e outras artistas, ou o comisariado das xornadas Tecendo Futuros (2023, San Cristovo de Mouricios, Chantada). Da súa traxectoria, ela mesma destaca o seu traballo en proxectos de cooperación e a actividade docente. Na actualidade é profesora de Materiais e construción téxtil no Máster en Deseño Téxtil e Novos Materiais do IED Madrid.



Rosana Escobar

Artista téxtil, formada en Bioloxía en Colombia e en Belas Artes en Holanda, que explora novas formas de resignificar a relación coas fibras dende a súa comprensión máis fonda e respectuosa, recoñecendo a súa autonomía, necesidades e axencia. Actualmente centra a súa investigación no fique, unha planta endémica de Colombia usada principalmente para a produción de costais de café. Rastreando a orixe e a cadea produtiva que se entrelaza co territorio, coas comunidades, coas industrias e coa paisaxe, Rosana reivindica a identidade e o valor intrínseco da fibra, opacado nos últimos anos pola industrialización. A súa práctica desenvólvese entre Colombia e Europa, onde comeza e remata a vida útil do material, creando unha ponte que facilite diálogos e explore escenarios onde a artesanía local, o mercado global, a arte, o deseño e a industria se atopan. Na intersección encóntrase un espazo fértil de experimentación e de transformación dende un entendemento holístico da fibra e das súas posibilidades.